



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS - SELECCIÓN PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE OUTUBRO DE 2020, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL - AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A - SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, QUENDA LIBRE, CORRESPONDENTE A OEP DO ANO 2017, PLAN DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de outubro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover a praza número 828 denominada Técnico/a de Administración Xeral- Axente de emprego e desenvolvemento local, da escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á OEP para o ano 2017, cuxas base xerais s fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia núm. 241, de 20 de outubro de 2017 e a Convocatoria e Bases Específicas no BOP N.º 39, de 15 de febreiro de 2019;

Vista a proposta do tribunal cualificador, visto que a aspirante presentou a documentación á que se refire o punto 13.1 das bases xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na respectiva convocatoria, esta Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, atendendo á proposta do tribunal cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno, que en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.b).1 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP n.º 3.09.2020), acorde:

1.º.- Resolver o procedemento selectivo de forma definitiva, nomeando a Dona María del Carmen Lage Fernández para ocupar a praza número 828 denominada Técnico/a de Administración Xeral- Axente de emprego e desenvolvemento local, da escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á OEP para o ano 2017.

2.º.- Asignarlle a Dona María del Carmen Lage Fernández o posto denominado Técnico/a de Administración Xeral- Axente de emprego e desenvolvemento local número 1255 asociado a praza que se sinala no apartado 1.º.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes a partir do día seguinte o da publicación do presente acordo no *Boletín Oficial da Provincia* ou ben, recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que consideren oportuno.

Lugo, 4 de novembro de 2020.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2737

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 29/10/2020 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes 5º bimestre do 2020. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/11/2020 e 31/12/2020 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/11/2020. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 30 de outubro de 2020.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2673

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 04 de novembro de 2020 aprobáronse as bases para selección e contratación temporal dous peóns de obras, un Técnico para xestión biomasa e un técnico de turismo ao abeiro do Programa Fomento do Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 da Deputación Provincial.

Tipo e duración do contrato: Dous peóns de obras a xornada parcial (75% da xornada) por un período de 6 meses, un Técnico para xestión biomasa a xornada parcial (75 % da xornada) por un período de 6 meses e un técnico de turismo a xornada completa (100 % da xornada) por un período de 9 meses.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgoso do Courel no prazo de 7 días naturais.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel.

Folgoso do Courel, 5 de novembro de 2020.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2739

O INCIO

Anuncio

O Pleno do Concello de O Incio, en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2020, acordou a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóveis. O que se fai público durante o prazo de trinta días, contados dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP, ó fin de que polos interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas de conformidade co disposto no artigo 17.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e co artigo 49.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

O Incio, 2 de novembro de 2020.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2674

Anuncio

O Pleno do Concello de O Incio, en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2020, acordou a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo do punto de atención á infancia (PAI) . O que se fai público durante o prazo de trinta días, contados dende o

seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP, ó fin de que polos interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas de conformidade co disposto no artigo 17.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e co artigo 49.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

O Incio, 2 de novembro de 2020.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2686

MURAS

Anuncio

Aprobación inicial do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Muras

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de outubro de 2020, aprobou, con carácter inicial, o Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Muras. De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ábrese un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen pertinentes. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o regulamento, que se publicará integramente no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da citada lei.

Muras, 2 de novembro de 2020.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2675

Anuncio

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira no Concello de Muras.

O Pleno do Concello de Muras, en sesión ordinaria celebrada o vinte e oito de outubro de 2020, desestimou as alegacións presentadas durante o prazo de exposición ao público da ordenanza municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira no Concello de Muras.

En aplicación do disposto no artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, finalizado o periodo de exposición pública, as corporacións adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo ás reclamacións que se houberan presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, súa derogación ou as modificacións a que se refire o acordo provisional.

Desestimadas ás alegacións, elévase a definitiva polo que se procede á publicación íntegra da ordenanza modificada.

ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA NO CONCELLO DE MURAS

Artigo 1.-Obxecto da Ordenanza.

Consonte ao disposto nos artigos 77 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba el Regulamento de Bens das Entidades Locais e os artigos 25, 27.3b) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, o Concello de Muras establece a presente ordenanza para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira no termo municipal de Muras, co fin de facelas compatibles coa preservación das vías públicas, seguridade vial, bens municipais e medio natural do Concello, dado que temos zonas do municipio que forman parte da Rede Natura 2000 e son Lugar de Importancia Comunitaria (LIC)

As actividades afectadas pola ordenanza son todas aquelas operacións que se desenvolvan para a obtención da madeira e o seu transporte, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta, como poden ser o desprazamento de vehículos e maquinaria ou os accesos ao terreo; como as posteriores destinadas ao depósito da madeira, a carga e o seu transporte.

A ordenanza establece a figura da autorización municipal obrigatoria para a realización dos traballos referidos e as normas para a súa tramitación, a imposición dunha caución e os mecanismos sancionadores establecidos para garantir o seu cumprimento.

As estradas de titularidade municipal afectadas pola ordenanza, son as que aparecen relacionadas no ANEXOIII.

Artigo 2.-Autorizacións para as actividades de corta e saca.

Establécese a obrigatoriedade da obtención de autorización municipal previa para a realización de cada operación de corta ou tala forestal e transporte de madeira dentro do termo municipal do Concello de Muras.

Esta autorización deberá ser solicitada nas dependencias municipais no modelo oficial facilitado para o efecto.

Exceptúanse desta obriga, sen menoscabo da responsabilidade dos efectos que produza a actividade, aquelas operacións de natureza non industrial nin comercial destinadas ao abastecemento doméstico de leña realizadas por particulares con vehículos agrícolas.

Artigo 3.-Solicitudes.

Para a obtención de autorización municipal para realizar traballos de corta e saca de madeira, as persoas físicas ou xurídicas que o soliciten deberán entregar nas dependencias municipais o impreso formal e debidamente cuberto no que figuren os seguintes datos e documentos xuntos requiridos:

-NIF, nome completo e domicilio fiscal da persoa ou entidade, e domicilio a efectos de notificación de ser diferente.

No caso de ser persoa xurídica: documento auténtico onde consten as identidades dos administradores e do representante legal da entidade.

-Referencia e plano catastral das parcelas onde se van desenvolver os labores.

-Lugares, días e horarios no que se van desenvolver os traballos de corta, almacenaxe e transporte da carga.

-Copia da autorización da autoridade forestal para a realización da corta ou, de non ser precisa, declaración responsable do cumprimento da normativa forestal vixente.

-Copia dos permisos de circulación do vehículo ou conxunto de vehículos cos que se van desenvolver os labores ou documento oficial no que conste a súa masa máxima autorizada.

-Xustificante de depósito de fianza nos termos recollidos na presente ordenanza.

As solicitudes de autorización entregaranse como mínimo 20 días antes do inicio dos traballos.

A súa concesión poderá estar suxeita ás restricións temporais ou condicións técnicas motivadas que decida o Concello. Os servizos técnicos municipais competentes informarán previamente á autorización sobre a pavimentación e o estado das vías que van ser utilizados polos solicitantes, co obxecto de preservar e garantir os intereses dos mesmos e os do Concello.

Non poderán solicitar esta autorización aquelas persoas físicas ou xurídicas que como consecuencia de traballos anteriores cometesen infraccións contra a presente ordenanza e teñan danos pendentes de reparar ou de resarcimento ao concello; aqueles que teñan pendente o pago dalgunha sanción contemplada na presente ordenanza ou aquelas empresas que participasen nos traballos e sexan susceptibles de ser responsables do pagamento dos danos.

A falta de resolución expresa por parte do Concello nese prazo suporá que se entenda denegada a autorización.

Artigo 4.-Deber de fianza.

Os solicitantes de cada autorización de corte e saca de madeira deberán presentar coa solicitude o xustificante de presentación dunha caución a favor do Concello de Muras, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, co fin de responder do amaño dos danos que puideran producir nas vías ou a súa limpeza. A caución poderase constituír en diñeiro efectivo, mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro no primeiro requirimento emitido por entidade de crédito o sociedade de garantía recíproca ou por calquera outro medio que, a xuízo do concello, garanta a inmediata dispoñibilidade, no seu caso, da cantidade de que se trate.

Establécense dúas contías atendendo ao peso máximo autorizado do maior dos vehículos ou conxunto de vehículos empregados. Se o seu peso máximo autorizado non supera as 16 Tm. fíxase unha caución de mil cincocentos € (1.500,00 €) e se algún vehículo supera esta masa máxima autorizada, entón ascende a tres mil €. (3.000,00 €).

A contía será reintegrada e/ou cancelada previo informe favorable dos servizos técnicos municipais, unha vez finalizada a corta forestal, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que, de non obter dito informe favorable, se produza a incautación definitiva da mesma, e a aplicación do réxime sancionador e demais consecuencias legais esixibles

Para o caso de que a empresa ou empresario subcontracte os traballos ou parte de eles a outra empresa, deberá presentarse tamén unha caución a favor do Concello do empresario ou empresa subcontractada que realice os actos regulamentados, acreditando a vixencia e cobertura da mesma para os traballos a realizar durante todo o período que duren as operacións que inclúa os danos a terceiros derivados da actividade da empresa ou empresario. Dita caución será do mesmo importe que os sinalados no apartado segundo deste artigo.

Artigo 5.-Normas e obrigas para a realización dos traballos.

Prohíbese a ocupación das vías públicas e do seu dominio con depósitos de madeira, pólas ou ramaxe; así como das canalizacións, gabias, pasos ou todo lugar que dificulte o paso ou acceso a propiedades ou vías.

Preservarase o estado das vías públicas empregadas para a realización dos traballos de corta, almacenaxe, carga ou transporte; correspondendo ao responsable da corta o deber de comunicar ao concello calquera dano producido e a obriga de proceder á reparación dos estragos producidos no firme, gabias, canalizacións ou outros elementos.

Prohíbese a realización de desprazamentos de terras que polas súas características teñan a consideración de movementos de terra a efectos da normativa urbanística.

Os traballos ocuparán só o espazo indispensable da vía pública, permitindo sempre a circulación e cumprindo as disposicións normativas vixentes que regulan o tráfico, circulación e seguridade vial, especialmente as referidas a sinalización de traballos na calzada, corte de carrís ou desviacións na vía.

O responsable da corta deberá retirar da vía pública nun prazo máximo de 48 horas calquera refugallo ou sucidade resultado da corta, depósito ou transporte da madeira.

Artigo 6.-Responsabilidade.

Serán responsables, a efectos do cumprimento de todas as obrigas e responsabilidades recollidas nesta ordenanza, por esta orde:

A persoa ou entidade solicitante da autorización municipal para realizar o traballo.

A persoa ou persoas titulares da empresa ou establecemento mercantil que realice os labores.

Artigo 7.-Infraccións e procedemento sancionador.

Contra o previsto nesta ordenanza, establécese o seguinte cadro de accións consideradas como infraccións moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

-A realización de traballos de corta e saca de madeira sen a preceptiva autorización municipal.

-Causar danos nas pistas municipais por valor superior a 3.000 €.

-O depósito de madeira na vía pública.

-Calquera actuación que supoña unha situación de risco para a seguridade nas vías municipais.

-A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

Constitúen infraccións graves:

-Deixar as vías municipais en deficiente estado de limpeza, segundo o informe municipal.

-Causar danos nas pistas municipais por valor inferior a 3.000 €.

-Non repor ao seu estado orixinal as gabias e dominio público empregado para o acceso aos terreos.

-A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas leves.

Consideraranse infraccións leves:

-Calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

-As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves: multa de ata 300,00 €.

Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 € e 1.500,00 €.

Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01 € e 3.000,00 €.

Sen prexuízo das sancións que correspondan, cando o Concello teña coñecemento de calquera feito contrario ao recollido na presente ordenanza ordenará a paralización da actividade e comunicará aos responsables das cortas a obriga de restituír calquera dano provocado establecendo un prazo de quince días para proceden á súa reparación.

Estas sancións poderán ser reiterativas por cada semana sen cumprimento do esixido ou manténdose na situación de infracción tipificada, podendo dar lugar a multa coercitiva ao abeiro do disposto no artigo 9 e 199 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia 9/2002 do 30 de decembro, ou a normativa que legalmente a substitúa en termos similares.

A resolución do expediente sancionador corresponde á Alcaldía.

Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danos.

O procedemento sancionador será o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e cos criterios expostos no título XI da Lei 7/1985, modificada pola Lei 57/2003, de modernización do goberno local.

Disposición derradeira e derogatoria.

A presente ordenanza, entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, quedando derogadas cantas outras disposicións do mesmo rango normativo, en canto se opoñan ou contradigan o disposto na presente.

Muras, 2 de novembro de 2020.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R.2676

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

CONVOCATORIA PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS CONDUTORES, DOUS PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS E 2 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS A CONTRATAR POLO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA AO ABEIRO DO PROGRAMA “FOMENTO DO EMPREGO 2020” DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Bolsa PEÓN CONDUTOR

Nº POSTOS: 2

CARÁCTER DOS CONTRATOS: Laboral temporal, na modalidade de obra ou servizo determinado.

DURACIÓN: Ata fin dos traballos, sen que poida exceder de NOVE MESES.

Bolsa PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS

Nº POSTOS: 2

CARÁCTER DO CONTRATO: Laboral temporal, na modalidade de eventual por circunstancias da produción.

DURACIÓN: SEIS MESES, sen que en ningún caso poida exceder dese prazo.

Bolsa AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Nº POSTOS: 2

CARÁCTER DOS CONTRATOS: Funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas.

DURACIÓN: Cada interinidade como máximo 6 MESES.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Navia de Suarna ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello de Navia de Suarna deberá adianterse por e-mail copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (concello.naviadesuarna@eidolocal.es). As solicitudes dirixiranse ó Sr. Alcalde, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Sistema de selección: Concurso-oposición, segundo o establecido nas bases que se poden consultar no taboleiro municipal de anuncios do Concello de Navia de Suarna, na sede electrónica e na páxina web da Deputación de Lugo.

Bolsa: Co fin de de asegurar a cobertura destes postos, caso de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato e tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración destas contratacións.

Navia de Suarna, 2 de novembro de 2020.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2677

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, ó non presentarse ningunha reclamación na súa contra, o **expediente de modificación de créditos Nº9/2020**, que comprende **suplementos de créditos por importe de 28.000,00 €, e de crédito extraordinario por importe de 30.364,62 €**, financiado con cargo ó remanente líquido de tesoureiría para gastos xerais, derivado da liquidación do exercicio 2.019, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o *T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais*, faise público que, trala aprobación do expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2020, é o seguinte:

Capítulo 1	780.893,60 €
Capítulo 2	445.658,28 €
Capítulo 4	13.650,00 €
Capítulo 6	<u>487.483,57 €</u>
TOTAL ORZAMENTO	1.727.685,45 €

Navia de Suarna, 3 de novembro de 2020.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2687

RÁBADE

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 5º bimestre do exercicio 2020.

Por Decreto da Alcaldía de data 29 de outubro de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó quinto bimestre do exercicio 2020, cuxo importe total ascende á cantidade de "82.122,39" (oitenta e dous mil cento vinte e dous con trinta e nove) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 2 de novembro do 2020 ó 4 de xaneiro do 2021.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 29 de outubro do 2020.- O alcalde, Francisco Fernández Montes.

R. 2678

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **23 outubro de 2020** acordou nomear, por u periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente dado que, ou ben no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou ben os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo, e tendo en conta, así mesmo, que os respectivos concellos non elixiron no seu día ningunha persoa para os ditos cargos.

BALEIRA: substituto: DON EMILIO DURÁN FERNÁNDEZ. DNI 33323955Z.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incurso nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 26 de outubro de 2020.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2679

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **23 de outubro de 2020**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

BARREIROS: titular: DOÑA MARINA ABAD LÓPEZ. DNI 76546097G.

Substituta: DOÑA ANA LÓPEZ PÉREZ. DNI 77594595R.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incurso nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 26 de outubro de 2020.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2680

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES Nº 40/2020 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DON ANDRÉS FERREIRO BESTEIRO contra la EMP. "ISEMPA, S.L.", sobre DESPIDO, se dictó DECRETO de fecha 30-10-2020, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"ACUERDO EL EMBARGO Y RETENCIÓN de los saldos existentes a favor de la empresa ejecutada "ISEMPA, S.L." en las entidades que figuran en el informe de averiguación patrimonial integral obtenido, y ello en cuanto sea suficiente para cubrir la suma de las cantidades reclamadas y que ascienden a 31.397,95 EUROS, en concepto de principal, más 6.279,59 EUROS presupuestados prudencialmente para intereses y costas de ejecución. A tal efecto, se da la oportuna orden a través de la correspondiente aplicación informática.

Notifíquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo manda y firma Doña María Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe.”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la EMPRESA “ISEMPA, S.L.”, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, treinta de octubre de dos mil veinte.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2681

Anuncio

D^a MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento ordinario nº 263/18 deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de YARUSKA AZAHARES CAJIGAL contra a empresa : MONET 2000 SL, CARLANCA IBERICA SLU , FOGASA , BASICO DE MÖNET BDM SL , SUSANA LOPEZ VENTOSA , ALEJANDRO SANTOS FERNANDEZ, sobre RECLAMACIÓN DE CANTIDADE , ditouse sentenza en data 28/10/20, cuxa parte dispositiva se adxunta:”**DECISIÓN.-1. Acollo a demanda formulada por Yaruska Azahares Cajigal contra MÖNET 2000, SL, BÁSICO DE MÖNET BDM, SL e CARLANCA IBÉRICA, SLU polo que condeno de xeito solidario ás empresas ao pago a Yaruska Azahares Cajigal da cantidade de 688,38 euros brutos, sobre os que se reportarán os xuros do 10 por cento.-2. A anterior cantidade será asumida polo FOGASA cos requisitos e límites legais e regulamentarios que, no seu caso, procedan.-3. As custas do procedemento (que incluírán os honorarios do/a letrado/a-graduado/a social da parte actora ata o máximo de 600 euros) serán aboadas por MÖNET 2000, SL, BÁSICO DE MÖNET BDM, SL e CARLANCA IBÉRICA, SLU.-Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que é firme.- Así o acordo, decido e asino.-DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.”**

E para que sirva de **notificación** en legal forma a **MONET 2000 SL, CARLANCA IBERICA SLU, BASICO DE MÖNET BDM SL , SUSANA LOPEZ VENTOSA , ALEJANDRO SANTOS FERNANDEZ** , en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de LUGO.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

LUGO, dous de novembro de dous mil vinte.- **A LETRADO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**

R. 2682

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/09204

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 02 de junio de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios de Villarpunteiro, la oportuna modificación de características de la concesión para aprovechamiento de de 0,11 l/s de agua procedente del manantial A Brita de Regueiro, en el paraje de As Britas, parroquia de Vilarpunteiro (Santa Marta), T.M. de Baralla (Lugo), con destino a usos domésticos y ganaderos, consistente en el incremento de caudal a derivar a 0,213 l/s.

Lugo, 2 de noviembre de 2020.- **EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.**

R. 2683

*Anuncio***Expediente: A/27/05399**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 06 de agosto de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la C.U. Manantial San Salvador de Outeiro, la oportuna novación de la concesión para aprovechamiento de 0,52 l/s de agua procedente de un manantial en la parroquia de O Outeiro das Camoiras (San Salvador), en el término municipal de Lugo (Lugo) para usos domésticos y riego de 1 ha, otorgada por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte de fecha 24/02/1997, y la modificación de características de la novación consistente en el incremento de la superficie a regar a 1,7217 has con reducción del caudal a 0,355 l/s.

Lugo, 2 de noviembre de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2684

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01333

PETICIONARIO Fernando Cruz Dorado

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Baltar

LOCALIDAD: Baltar Damil (San Salvador)

TÉR. MUNICIPAL: Begonte

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Rego das Veigas de Baltar/Támoga

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Baltar" - "Fernando Cruz Dorado", con un volumen máximo anual de 372,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 02 de noviembre de 2020.-

EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2685